

## Ilustre académico

Acabo de ler a *Voz de Galicia* e fiquei chea de indignación e noxo ao ler as palabras do “ilustre académico” Xesus Alonso Montero afirmando que preferiría o inglés antes que o galego que el chama lusista. Sobre todo deu-me rábia que lle teñan dado primeira páxina a un individuo dese xorne. Se cadra podía por-se de acordo con Francisco Vázquez e montaban unha academia de inglés entre os dous.

En certa ocasión, sendo eu es-

tudante de filoloxía en Santiago, tiven oportunidade de observar como o señor Alonso Montero dirixía os traballos duns obreiros que estaban instalando unhas vitrinas expositoras para un congreso por el dirixido e que estaba dedicado aos poetas alófonos. Fiquei sorprendida cando comprobei que mentres os obreiros falaban e se dirixían a el en galego, o “ilustre académico” respondía e daba as ordes en castelán: “*Esta me la ponen ahí; la otra me la mueven un poco a la izquierda...*” E logo presenta-

se por aí como defensor do galego, recibe premios da Xunta e proclama-se un home de esquerdas. Pois... que lle dean..., que lle dean moitos mais premios, que lle dean un todos os días, se queren, até que non teña mais onde mete-los. Para min e para a xente de ben o que el diga seguirá valendo tanto como o que poida dicir un pitufo, nen mais nen menos.

Podemos estar en contra ou a favor das ideas reintegracionistas pero, francamente, o que poidan dicir figuras tardo-franquistas e singularmente egotistas como Alonso Montero non merece a primeira páxina de nengun xornal. ♦

**Se cadra podía por-se de acordo con Francisco Vázquez e montaban unha academia de inglés entre os dous.**